

Expte: 1955-232
Retirar: 08-09-2023



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
ECONOMÍA, INDUSTRIA
E INNOVACIÓN

Sr. Alcalde Presidente do
Concello de Vigo

LEVANTAMENTO DE ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS EXPROPIADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO LMTS E SUBSTITUCIÓN CTI BECERREIRA POR CTC"

De acordo co establecido no artigo 52.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, achégolle o edicto polo que se convocan aos afectados pola execución da instalación eléctrica denominada LMTS e substitución CTI Becerreira por CTC, para o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN o día **24 de novembro de 2023**, a partir das **12:30 horas** sobre o terreo.

O edicto deberá ser exposto ao público no taboleiro oficial de anuncios dese concello durante un prazo de oito días, debendo certificarse as datas de comezo e remate da exposición ao público, e achegar as alegacións que se produzan a este servizo territorial de Vigo.

Segundo o disposto nos artigos 52 da Lei de expropiación forzosa e 57 do regulamento de 26 de abril de 1957, as actas previas á ocupación levantarase sobre o terreo, e deberá concorrer vostede como alcalde ou un concelleiro en quen delegue mediante o correspondente decreto. Posteriormente redactarase a acta definitiva na sala da casa do concello que vostede dispoña.

A xefa territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.

Vigo, 08-09-2023

El Secretario General

P.A.

El Jefe del Registro General.

Jose Manuel González Ucha





Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica denominada LMTS e substitución CTI Becerreira por CTC, no concello de Vigo, do que resulta como beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A., (expediente IN407A 2022/490-4).

A instalación denominada LMTS e substitución CTI Becerreira por CTC foi declarada de utilidade pública mediante resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra do 20 de xuño de 2023, o que leva implícita a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, tendo a condición de beneficiaria a empresa UFD Distribución Electricidad, S.A..

Segundo o disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e no art. 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, comunícase que o día **24 de novembro de 2023**, a partir das **12:30** horas, terá lugar sobre o terreo o levantamento das ACTAS PREVIAS Á OCUPACIÓN dos bens e dereitos contidos na relación de predios que se expón xunto con esta resolución e no taboleiro de edictos do concello de Vigo.

Os interesados recibirán unha notificación individual coa debida antelación legal, na que se lle comunicará a data e a hora na que deberán presentarse nas súas fincas, informándolles de que poderán ir acompañados por un perito ou un notario, pola súa conta, se así o consideran conveniente.

A xefa territorial

Beatriz López del Olmo

(Asinado en Vigo por sinatura dixital certificada na data que se indica na marxe)

LMTS e substitución CTI Becerreira por CTC

Nº	Referencia catastral	Paraxe	Titular	Nº apoio	m2 Solo	ml sub	m2 servidume de paso soterrada
1	8341301NG2784S0001JY	Cabral	Mª del Pilar García Lago	CT	19,35	1,21	8,14

